

# A ideoloxía da violencia\*

LUISA POSADA KUBISSA

## **Unha casuística concreta para empezar: aproximación a un discurso xurídico-político sobre a violencia de xénero**

O que nunha reflexión teórica sobre a violencia contra as mulleres cabe establecer como resultado pode funcionar, e de feito funciona, como postulado ou punto de partida cando do que se fala é dun aspecto concreto desa realidade. Así mesmo, se a violencia contra as mulleres se postula como violencia sexual; se se postula, tamén, que o seu tratamento require dunha análise radical, no sentido dun discurso crítico que vaia ás raíces mesmas da desigualdade socio-sexual; e se, por fin, se postula ademais que historicamente ningún discurso estivo máis comprometido con levar adiante unha análise radical da violencia sexual que o propio movemento de mulleres, establecido como discurso feminista, entón haberá que aceptar este triplo postulado para reflexionar sobre o ámbito concreto que se move arredor da lexislación sobre este fenómeno violento.

Hai que advertir ante todo que, no que segue, a óptica será a da reflexión feminista, e non a do dereito. Como marco xeral imponse unha cuestión teórica máis xeral, que ha de servir de referencia aquí. Esta cuestión non é outra que a que pode ser expresada de xeito sintético na seguinte pregunta: pode o dereito, na súa vertente de dereito penal, ser unha vía suficiente para erradicar a violencia sexual?

\* Unha primeira versión deste traballo pode atoparse en: Pousada, Luisa: «Las hijas deben siempre sumisas» (Rousseau). Discurso patriarcal e violencia contra as mulleres: reflexións desde a teoría feminista, en Asun Bernárdez (ed.): *Violencia de género y sociedad: una cuestión de poder*, Instituto de Investigaciones Feministas da UCM/ Ayuntamiento de Madrid, Área de Promoción de la Igualdad y el Empleo, Madrid 2001.

Por suposto, esta pregunta pode formularse, porque parte de antemán das consideracións críticas que o discurso feminista contemporáneo veu elaborando sobre o papel que o dereito xoga na reprodución da desigualdade entre os sexos. Pero a tradición feminista receou desde sempre, en realidade, da autoproclamada obxectividade e da pretendida neutralidade do discurso xurídico, historicamente deseñada segundo o patrón dos intereses masculinos e que formou —e forma— parte esencial do dispositivo patriarcal de poder. Así xa o viu Olimpia de Gouges en 1792, por citar só un caso ben coñecido, ao acometer a tarefa de incluír as mulleres na súa *Declaración dos dereitos da muller e a cidadá*, ás que a histórica *Declaración dos dereitos do home e o cidadán* emanada da Revolución francesa, deixara por completo á marxe e, como se observa, mesmo á marxe do título mesmo desta declaración revolucionaria.

Por sintetizalo aquí en termos da teórica feminista norteamericana Catherine Mackinnon, coa súa habitual contundencia analítica, o «dereito ve e trata as mulleres como os homes ven e tratan as mulleres»<sup>1</sup>. Pero a impugnación do dereito como terreo abonado para o discurso e a práctica da ancestral desigualdade sexual non impide que se entenda, á vez, que determinadas reformas deste e, en particular, da súa aplicación non poden deixar de ser obxectivos políticos para a perspectiva feminista. E así o entenderon moitas das reflexións feministas que, desde o campo da filosofía do dereito, se veñen realizando actualmente en España. Citarei un exemplo, de entre outros moitos posibles, xa que vén particularmente ao caso. Trátase da seguinte apreciación de Elena Larrauri:

«O meu escepticismo respecto á aplicación do dereito penal como medio para protexer, ou mellorar a situación das mulleres, non debe interpretarse como unha renuncia a participar nos debates e nos procesos de reforma legal (...) os problemas das mulleres non poden resolverse polo simple recurso ao dereito penal, pero hai casos en que o problema é o dereito, a forma como este trata e presenta ás mulleres<sup>2</sup>».

Con estas precisións, parece obvio que o terreo do dereito resulta ser, en tanto que férreo baluarte do discurso da desigualdade sexual, unha cuota de poder particularmente pechado a renovacións que nazan dunha perspectiva feminista e, con iso, dunha vontade de subverter o discurso do dereito mesmo. No seu artigo 153, o Código Penal

<sup>1</sup> MacKINNON, Catherine: «Feminism, Marxism, Method and State: Toward Feminist Jurisprudence», en *Signs*, vol. 8, n. 4, p. 644.

<sup>2</sup> LARRAURI, Elena: «Control formal: ...y el derecho penal de las mujeres», en: Elena Larrauri (comp.): *Mujeres, derecho penal y criminología*, Madrid, Século XXI, 1994 (pp. 93-108); p. 101.

español condenaba xa os chamados malos tratos sobre a muller e os fillos, a penas que oscilaban entre 6 meses e 3 anos. Un percorrido pola historia positiva deste delito, como o establece Juana M<sup>a</sup> Gil Ruíz, vén a redundar ademais no carácter recente do seu recoñecemento xurídico nestes termos<sup>3</sup>.

Pois ben, unha proposta política realizada no marco da persecución da violencia contra as mulleres, veu a suscitar un debate en España, que se pasou un tanto por alto e do que me quero ocupar aquí, porque vén a ser unha casuística particular que permite ir desde as reflexións xerais a unha consideración máis concreta do tema da violencia sexual.

Realizada desde o ámbito da política, e non desde o feminismo, o debate sobre esta proposta transcendeu apenas á opinión pública. Estoume referindo á proposta do anterior presidente da comunidade autónoma de Castela-A Mancha, don José Bono, que incluíu –entre outras medidas para perseguir as agresións e outros actos de violencia contra as mulleres– a de publicar a identidade dos agresores. Esta proposta foi xa aprobada polos deputados autonómicos de Castela-A Mancha. Aquí interésame a parte do debate desenvolvido a principios do ano 2001, arredor desta medida concreta, e non sobre a proposta completa. Teño que dicir que os datos que vou achegar están recollidos de medios de comunicación, en particular da prensa escrita e dixital, e que se refiren, en concreto, ás declaracións que realizaron algunhas Asociacións e xuristas feministas, así como tamén diversas organizacións de xuíces e fiscais.

Sen pretender establecer de entrada ningunha doutrina sobre o que haxa ou non que pensar arredor da medida concreta presente na proposta de medidas do señor Bono, creo que se trata dun debate moito máis complexo do que puidese parecer á primeira vista. E tamén que foi obxecto de escasa reflexión, pois aínda cando os medios o airearan a destro e sinistro, é obvio que isto só colaborou a crear o espellismo dun debate xeneralizado, detrás do cal non chega a haber nin sequera unha mínima vontade de polémica. Por outro lado, resulta máis grave que polémico que na orixe desta proposta a perspectiva feminista non fose convidada de honra, que o discurso feminista sobre a violencia de xénero e outros asuntos desta índole quedase diluído como unha perspectiva de análise máis entre as outras moitas posibles –ou, mesmo que quedase simplemente obviada– é, máis que un balance, unha constatación que invita de novo á reflexión crítica sobre a desigualdade sexual e a súa repercusión en discursos que, aparentemente, a cuestionan.

<sup>3</sup> GIL RUÍZ, Juana M<sup>a</sup>: op. cit., pp. 38 e ss.

No relativo á necesidade de establecer medidas contra a violencia sexual, así como nas liñas xerais de cales han de ser estas, parece haber bastante acordo entre as diversas asociacións feministas, pero tamén e significativamente, entre estas e moitas das propostas que realizaron profesionais de xuíces e fiscais. Así, falábase xa dunha lei integral contra a violencia de xénero que xuntase o Código Civil, o Penal e as medidas de asistencia ás mulleres agredidas desde a Coordinadora Española para el «Lobby Europeo de Mujeres» e desde «la Asociación de Mujeres Juristas Themis». Pero tamén a «Asociación Profesional de la Magistratura» mantivo que se trataba dun problema a abordar de xeito integral e, desde presupostos distintos, a «Asociación Francisco de Vitoria» fala de fiscalías especiais contra o que chamou a violencia doméstica.

Sobre as medidas contra a violencia sexual, a Asociación de Mujeres Jóvenes, por exemplo, afirmou que non se trataba de aumentar as penas, senón de facer cumprir o Código Penal con rigor. E esta idea veu a concordar coa perspectiva da Unión Progresista de Fiscais, que entendía que a prevención resulta ser a medida máis necesaria e veu a coincidir niso, á súa vez, coa Federación de Mujeres Progresistas e coa organización Jueces para la Democracia. A protección das vítimas, o apoio a estas e a educación, como vía de prevención do delito, son outras das medidas que practicamente todas estas organizacións contemplan.

Así, pois, con algunha discrepancia, pode verse que, en termos xerais, parece haber certo acordo ata aquí entre os grupos feministas e aqueles que representan os profesionais do dereito e a xustiza. Pero, cando entramos directamente no asunto da publicación das listas dos maltratadores este acordo comeza a quebrar. Sen que houberse unanimidade absoluta entre as asociacións feministas, e sen que couberse falar tampouco dunha inclinación tallante a favor ou en contra desta medida, o que si parece deducirse é que as devanditas asociacións feministas ofreceron unha menor resistencia a esta medida que as organizacións estritamente profesionais. Así, na Federación de Mujeres Progresistas, sen negar que tal medida comportaba o risco de que as listas públicas se xeralicen para calquera tipo de delito, mostrouse proclive a aceptala. E, en sentido parecido, a Coordinadora Española para el Lobby Europeo de Mujeres defendeu que tal perigo se compensaría coa protección que pode representar para as posibles vítimas esta información. Pola súa banda, a Asociación de Mujeres Jóvenes sinalou o difícil equilibrio de admitir estas medidas sen vulnerar outros dereitos, pero apuntou tamén que tales escrúpulos non existirían se estivésemos a falar doutro tipo de delitos, como os económicos ou financeiros.

Pola súa banda, o rexeitamento ás listas si que resultou ser unánime e frontal por parte das organizacións de xuíces e fiscais. A Asociación Profesional da Maxistratura falou de situación medieval, en relación con esta medida, ó considerala incompatible cunha sociedade progresista. Tamén para a Asociación Francisco de Vitoria resultaba ser un retroceso a formas primitivas do dereito. A Unión Progresista de Fiscales entendeu que se trataba dun perigoso antecedente e que ía contra o espírito xurisdiccional que ha de velar pola rehabilitación do condenado, óptica que compartiu a organización Jueces para la democracia, para a que ademais a publicación de listas nominais de agresores das mulleres provocaría unha espiral de listas de pederastas, listas de estafadores etc., que resultaría finalmente incontrolable.

Esta diferenza de opinións, que podería quedar nunha falta de acordo, converteuse nunha auténtica liña divisoria en dous bloques, cando se abordou a consideración da legalidade ou a ilegalidade da medida postulada polo expresidente da Mancha. O rexeitamento sen paliativos de legalidade xurídica ningunha para a publicación das listas quedaba dun lado desa liña, composto polas organizacións de xuíces e fiscais, mentres que do outro lado fundiu a aceptación ou o rexeitamento destas por parte das Asociacións feministas non pasaba por cuestionar a súa legalidade. A Asociación de Mujeres Juristas Themis defendeu que a publicación de listas cos nomes dos agresores, os delitos ou faltas cometidos e as penas impostas, obedecería á liberdade, á integridade, á seguridade e á vida das mulleres, de modo que a legalidade de tal medida estaba avalada por tratarse aquí de dereitos fundamentais, que están por enriba do dereito á intimidade do condenado. A Asociación de Mujeres Jóvenes, pola súa banda, entendeu que se as listas ofrecen a información recollida na sentenza e ningún dato máis da vida privada do agresor, non había dúbida da súa legalidade. A Asociación de Mujeres Jóvenes engadiu que esta práctica era común cando se trata de publicar os nomes dos delitos por non pagamento contra Facenda ou contra la Seguridade Social. A Coordinadora Española para el Lobby Europeo de Mujeres mantivo que a legalidade da publicación das listas se xustificaba polo dereito á información cidadá, así como que a colisión entre o dereito á rehabilitación do condenado e o da protección das vítimas era un problema da orde social na que vivimos, pero non un efecto da medida ou do seu carácter legal. A Federación de Mujeres Progresistas propuxo que se buscasen fórmulas para axustar a medida ao máximo da legalidade, antes de desbotala sen formular alternativa ningunha nin dentro nin fóra das leis vixentes.

Desde o bloque de asociacións de xuíces e fiscais, a Asociación Profesional de la Magistratura afirmou que a publicidade dos actos xudiciais ha de estar supeditada ao respecto á intimidade e que non pode haber máis pena para o condenado que a que se derive da aplicación do Código Penal, polo cal entende que a medida proposta é

dobremente ilegal. A Asociación Jueces para la Democracia, pola súa banda, sinalou a inconstitucionalidade da proposta do señor Bono e insistiu en que as listas eran unha pena engadida, que resultaba infame e imposibilitaba a reinserción do condenado. A Asociación Francisco de Vitoria, por outro lado, insistiu na estigmatización dos condenados con esta medida, ó facer inviable a súa reinserción. E, ademais, apuntou que esta práctica podería favorecer as vinganzas privadas e fomentar a imposibilidade de corrixir os erros xudiciais. E a Unión Progresista de Fiscales apelou a Lei de protección de datos, para declarar a absoluta ilegalidade da medida, incidindo nos mesmos argumentos expostos polas outras organizacións profesionais, como a duplicación da pena que supoñen as listas e a súa inconstitucionalidade, xa que atentaría contra a rehabilitación do condenado.

Á marxe da discusión concreta da medida, o que si parece claro é que, tomada nun sentido positivo, serviu para incidir en que a violencia contra as mulleres é un delito mal tratado polas leis, no sentido estrito de resultar evidentemente o seu tratamento legal desviado e insuficiente. Pero, obviamente, isto non parece froito dunha casual negligencia, nin moito menos dalgún insondable enigma da xustiza humana. Impónse de novo aquí, polo tanto, a análise e sobre todo o debate.

Só para inicialo, vou tratar de suxerir algunhas reflexións, sempre desde a perspectiva feminista xa postulada ao principio. Esta, obviamente, non pode vir a esgotarse no debate puntual que acabo de reflectir, pero si cabe inducir deste máis dunha consideración, tanto sobre os seus aspectos máis concretos, coma sobre aqueles que van un pouco máis alá na reflexión sobre o fenómeno da violencia sexual.

Unha primeira consideración a facer, empezando pola máis concreta, é que a proposta de publicar listas de condenados por exercer a violencia contra as mulleres –á marxe da valoración que mereza a eficacia ou ineficacia de tal medida– non parece que poida ser rexeitable para o feminismo polas razóns que aducen as organizacións de xuíces e fiscais en bloque. Porque estas razóns parecen guiarse exclusivamente polo requisito de asegurar a protección do condenado, e á forza ha de resultar, cando menos, paradoxal que o discurso da lei antepoña, só para estes casos, a protección do delinciente á da vítima do delito. Neste sentido, o discurso do dereito por boca dos seus representantes ha de resultar polo menos sospeitoso.

Pero, dito isto, tampouco a ninguén con certas doses de crítica feminista –ou, mesmo, con certas doses de sentido crítico sen máis– se lle oculta que a medida en cuestión non altera substancialmente o discurso da desigualdade sexual no que o discurso legal descansa, nin modifica de feito ou de dereito o estado da cuestión. Porque a medida

de publicar as listas de agresores volve tratar a violencia sexual desde a óptica das vítimas, coma se estas o fosen só da agresión a mans dos seus maridos, noivos ou compañeiros. Ou, á inversa, coma se eses maridos, noivos ou compañeiros fosen agresores illados que exercen a violencia sexual como delito individualizado contra unha muller –a que consideran súa–, tamén individualizada. Dito doutro modo, coma se a violencia de xénero fose un asunto que cabe reducir ao común denominador de calquera delito, onde o que hai é só unha vítima particular á que defender e un delinciente común ao que perseguir.

Pero, desde unha perspectiva feminista non resulta suficiente con recoñecer que as mulleres son as vítimas deste tipo de delitos<sup>4</sup>. Nin sequera con evidenciar que os homes adoitan ser os que os cometen. Se o dereito promulga medidas e reformas, que nunca chegan a tocar as causas estruturais da violencia sexual, non parece que sexa porque tales causas resulten ser insondables. Se o dereito chama malos tratos a esta violencia, non será porque non existan termos máis precisos para designar estas realidades.

O discurso do dereito, como todo discurso de poder, nomea as cousas e, ao nomealas, crea tamén o ámbito da realidade. Deste modo, establece un discurso sobre valores que se pretenden universais, pero que deveñen de facer pasar por universais os valores masculinos. Con isto non se trata nin moito menos de incitar aquí á tediosa discusión acerca da suposta diferenza esencial entre valores masculinos e femininos. Non existe tal cousa: no discurso patriarcal e, en particular, no das leis os valores pertencen exclusivamente ao sexo que os formulou.

Xusto será congratularse desde o feminismo daquelas medidas, que veñan a reducir drasticamente a cifra negra das vítimas mortais por causa da violencia de xénero, ou que sirvan para paliar o sufrimento de cada unha das mulleres agredidas. Pero, habitualmente acontece que as mulleres, que son vítimas da violencia sexual, seguen sendo vítimas tamén do maltrato xurídico e legal.

Por iso, a crítica feminista, despois de séculos de exercerse como discurso que impugna a desigualdade sexual, sabe que erradicar a violencia contra as mulleres segue sendo un asunto de poder. E que, por iso, as medidas punitivas e puntuais, como a de elaborar listas dos condenados por exercer a violencia contra as mulleres, seguirá

<sup>4</sup> Para unha reflexión máis especializada neste sentido desde a óptica do dereito penal, véxase LARRAURI, Elena: op. cit., p. 101 e ss.

reflectindo tan só unha parte –a máis brutal, sen dúbida– dos moitos nomes que cabe incluír no eterno retorno da violencia sexual.

### **Reflexións desde a teoría crítico-feminista**

O meu interese, a partir das consideracións anteriores, é o de facer unha aproximación ao problema da violencia contra as mulleres, partindo para iso dalgúns reflexións máis actuais, que se derivan do uso da teoría feminista como teoría crítica. E, para facelo, xa de entrada hai que dicir, por obvio que poida parecer, que o problema da violencia de xénero resulta ser tamén o problema do discurso social e cultural no que esa violencia se insire. Se admitimos esta premisa, entón estaremos a movernos na órbita do que o filósofo francés Michel Foucault designou como dispositivo da sexualidade e que el definiu como:

«Un conxunto heteroxéneo formado polas capas de múltiples discursos, como os propios das institucións, das leis, das teorías científicas e filosóficas, das doutrinas morais, e moitos máis<sup>5</sup>».

Para o que son os nosos intereses aquí, abondará con indicar que unha concepción da sexualidade como esta a entende como construto dunha rede discursiva que forman os saberes e os poderes de cada momento; e esa visión da sexualidade compartiuna xa nos seus inicios o feminismo contemporáneo, xa que entendida como produto dun dispositivo social e cultural cabe defender que a normatividade que rexe a sexualidade feminina –parafraseando a Simone de Beauvoir– non nace, senón que se fai.

Xa nos anos 60 do século pasado, o chamado neofeminismo contemporáneo (en particular o norteamericano) comprendeu que, en efecto, a sexualidade feminina non cae dunha guindeira, coma case nada; e que, coma case todo, habería que analizala como froito de, responde a unha construción do humano. E así, como discurso sobre a sexualidade, é como fixo seu o tema da violencia contra as mulleres, entroncándoo sempre coa desigualdade entre os sexos: Shulamith Firestone<sup>6</sup>, por exemplo, insistía en que a opresión das mulleres se recobre como amor e se constitúe en baluarte de toda a dialéctica e a violencia entre os sexos. E non outra cousa segue mantendo parte da teoría feminista actual, como por exemplo, Ana Jonásdóttir cando, ao falar no seu

<sup>5</sup> FOUCAULT Michel, *Saber y verdad*, Madrid, ed. La Picaraña, p. 128.

<sup>6</sup> FIRESTONE, Shulamith: *La dialéctica del sexo*, Barcelona, Kairós 1973, p. 159.



ensaio de *El poder del amor*; segue defendendo, xa nos anos 90, teses parecidas ás de Firestone; e, en particular, sostén que na sociedades occidentais, formalmente libres e igualitarias, o amor continúa sendo un recurso de explotación e de violencia sobre as mulleres na vida privada:

«A miña resposta á pregunta de que se fai «con nós» como mulleres na sociedade occidental, libre e igualitaria, aínda patriarcal, é que os homes explotan certos recursos de poder nas mulleres, a saber, o poder do amor. Basicamente, disto trata a loita de sexos occidental contemporánea<sup>7</sup>».

Nesa concepción, que entende a sexualidade feminina como discurso, ou como grande relato da cultura (masculina), é onde quero situar algunhas reflexións máis concretas sobre a violencia contra as mulleres xurdidas desde a crítica feminista. Porque ata aquí me referín só a algunhas liñas de pensamento, que veñen a coincidir en entender a sexualidade como unha construción máis da vida política e social, construción esta da que tamén forman parte a desigualdade e a violencia de xénero. Pero creo que, como dicía o vello filósofo Kant, co feito non perdemos o noso tempo senón é para recuperalo, porque, en efecto, agora é posible partir desas concepcións, ata aquí máis ou menos situadas, para pasar a facer algunhas reflexións máis concretas sobre a violencia de xénero. E, para facelo, recordarei agora que o punto de partida desta intervención se resume, ata aquí, en que o problema da violencia contra as mulleres resulta ser tamén o problema do discurso en que esa violencia está insire.

Vou tratar de explicar esta afirmación, xa que a entendo non só en sentido máis ou menos figurado, senón no seu máis rigoroso sentido literal: quen se asomara á literatura actual sobre a violencia contra as mulleres observaría que nela, aínda cando aparentemente se acepte que esta violencia responde a unha construción social, o certo é que a miúdo ofrece análises do fenómeno ben distintos. E en poucos casos parte das condicións de desigualdade sexual como núcleo de análise; e aínda en menos se segue tal núcleo analítico ao longo de toda a consideración ulterior sobre a violencia contra as mulleres.

Nos nosos días é moi frecuente, pola contra, que nos atopemos con perspectivas especializadas á hora de abordar a violencia de xénero. E, tamén resulta cada vez máis frecuente que tales perspectivas se ocupen do feito violento entendéndoo como o

<sup>7</sup> JÓNÁSDOTTIER, A.: *El poder del amor ¿Le importa el sexo a la democracia?* Madrid, Cátedra (Feminismos) 1993, p. 156.

crime ou como a patoloxía. Con iso, o problema da violencia contra as mulleres aparece nos nosos días moi a miúdo –eu diría que case tan a miúdo como aparece– como obxecto de estudo de distintos ámbitos especializados. Deste modo, atopamos este fenómeno tematizado por xuristas, psicólogos, psiquiatras, neurofisiólogos, ou sociólogos etc., cada quen desde a súa óptica específica de estudo.

De entrada hai que dicir que non se trata de poñer aquí en cuestión a relevancia que esas perspectivas especializadas indubidablemente teñen, pero o que si parece claro é que o resultado desta práctica parcelada non é senón a atomización do problema mesmo, que acaba por substituír a análise da violencia sexual pola descrición do feito violento sen máis ou, dito en poucas palabras, que obvia a causa polo efecto.

Ademais, o uso e abuso dese tratamento por parcelas do problema da violencia contra as mulleres acaba por perverter a súa consideración, en tanto que o abstrae do terreo das relacións entre os sexos e o baleira de todo contido como discurso crítico acerca da sexualidade e o poder. Non acontece outra cousa cando, por exemplo, as análises sobre a violencia sexual retraen esta ao discurso xeral sobre a violencia e toman esta última como referencia. É frecuente atopar entón análises sobre este conflito sexual que comezan formulando o carácter violento ou non dos humanos primitivos; ou no seu defecto, dos chimpancés e orangutáns. E, mesmo, existe toda unha literatura sobre a violencia contra as mulleres que arranca de disertacións, máis ou menos científicas, sobre o que de innato ou xenético hai na conduta agresiva, e que se interna logo prolixamente na consideración das hormonas ou dos compoñentes químicos da violencia, como a testosterona ou a serotonina. E quero deixar claro que me estou a referir a traballos realizados no marco da consideración da violencia contra as mulleres. Agora ben, como sinalou a teórica feminista norteamericana Carole Sheffield hai que separar coidadosamente a violencia sexual de calquera outro comportamento categorizado como violento. Porque non se trata de violencia, sen máis, senón que, nas súas palabras:

«A violencia contra as mulleres é poder sexualmente expresado. E sen o poder de intimidar e castigar ás mulleres sexualmente, a dominación destas en todas as esferas da sociedade-política, social e económica non podería existir<sup>8</sup>».

<sup>8</sup> SHEFFIELD Carole, J.: «Sexual Terrorism», en: Kourany, J. A.; Sterba, J. P.; Tong, R. (eds.), *Feminist Philosophies*, Prentice Hall, Upper Saddle River, New Jersey, 1992 (a) /1999 (2a), (pp. 45-60); p. 59.

Como xa apuntei antes, ata agora a perspectiva feminista partiu, ao falar da violencia contra as mulleres, dun enfoque construtivista, que se insire dentro do máis amplo discurso sobre a sexualidade feminina como construto do dispositivo patriarcal. Ninguén o expresou tan radicalmente como Catherine MacKinnon, cando di que «poder ser violada, posición que é social e non biolóxica, é o que define unha muller<sup>9</sup>».

Esta posición social que define unha muller é a que se pretendeu obviar sistematicamente á hora de situar os datos terribles da violencia contra as mulleres dentro dunha teoría máis ampla sobre a desigualdade entre os sexos. Porque facelo significa falar de xerarquías e, concretamente, significa aceptar que se dá unha xerarquía social dos homes sobre as mulleres. Pero, como argumentou a teórica feminista Carole Pateman, ao obviar esa xerarquía socio-sexual das análises o que se quere obviar é o feito de que a sexualidade feminina é unha sexualidade non consensuada nin construída polas mulleres. Isto conduce, como afirma Pateman, a que «o sexo estea dividido en áreas difusas de discusión porque nunca llelo discute en tanto sexo. A violación discútese en tanto que violencia; a prostitución discútese en tanto que libre acceso a un emprego; a pornografía discútese en tanto que liberdade de expresión e o sado-masochismo en tanto que consentimento e igualdade<sup>10</sup>».

Tamén no panorama recente do pensamento feminista en España se viñeron realizando valiosas análises desde estes mesmos presupostos construtivistas, que inciden en que «a causa da violencia sexual non ha de buscarse nas circunstancias particulares do maltratador, nin no seu perfil patolóxico, senón no que de social e estrutural ten a súa conduta», como mantén o estudo, pioneiro en moitos aspectos, de Ana María Pérez del Campo<sup>11</sup>.

No mesmo sentido, Concepción Fernández Villanueva sostén que a conduta agresiva vén a ser un reforzo da posición masculina de dominio e que «non é polo tanto un feito illado á marxe das relacións estruturais de submisión dun sexo sobre outro<sup>12</sup>». Tamén se sinalou como con esta violencia o que se intenta é que «non se vulnere a

<sup>9</sup> MacKINNON, Catherine: *Hacia una teoría feminista del Estado*, Cátedra (Feminismos), Madrid 1995 (1989-1ª).

<sup>10</sup> PATEMAN, Carole: *El contrato sexual*, Barcelona, Anthropos, 1995 (1988-1ª), p. 307.

<sup>11</sup> PÉREZ del CAMPO, Ana M<sup>a</sup>: *Una cuestión incomprensible: el maltrato a la mujer*, Madrid, horas y HORAS 1995; pp. 80-1.

<sup>12</sup> FERNÁNDEZ VILLANUEVA, Concepción: «El concepto de agresión en una sociedad sexista», en: *Violencia y sociedad patriarcal*, Maquieira, Sánchez (eds.), Pablo Iglesias 1990 (p. 57).

relación de dominación, entendida esta como converter o particular do que domina en criterio universal, como sostén o estudo de Soledad Murillo<sup>13</sup>».

Estes exemplos do pensamento feminista actual en España –entre os moitos posibles– poñen de manifesto que a violencia sexual se comprende como parte dun sistema de dominación e das súas prácticas de dominio. Se isto se acepta, resultará aínda máis doado convir en que a violencia contra as mulleres non é tanto unha lacra que afecta ao conxunto da vida político-social, canto un efecto que esta mesma segue xerando. Pero, claro está, isto é tanto como dicir que a mesma sociedade que, a través de diversos vehículos de expresión, e tamén individualmente, condena o feito en si desta violencia e as súas manifestacións lutuosas, perpetúa á vez as condicións de dominio dun sexo sobre outro como estrutura central de relación; e, con iso, segue facendo posible esa violencia.

Só así é posible entender que os chamados malos tratos non formen parte na actualidade do que as nosas sociedades occidentais teñen por valores vixentes e, mesmo, que asistamos a unha actitude xeralizada de condena social cara a estes, sen que por iso a violencia contra as mulleres desaparecera, e nin tan sequera pareza diminuír substancialmente (cousa que, por certo, xa se constataba en estudos de hai case quince anos no caso de España)<sup>14</sup>.

E as consideracións anteriores lévannos ao que, sendo unha obviedade, a miúdo parecemos esquecer, que o rexeitamento non é análise crítica, é máis, que a miúdo unha cousa non depende da outra. E, non obstante, ese xogo das confusións impide mesmo que se nomee a realidade con precisión analítica, cando se segue encubriendo como violencia doméstica ou, como máximo, como malos tratos, por exemplo, o que para un discurso crítico-feminista debe nomearse sempre como exercicio do poder sexual sobre as mulleres.

Hai que entender as palabras da filósofa norteamericana Carole J. Sheffield nesta dirección, cando se refire a unha forma de agresión, que está enraizada de tal xeito na nosa cultura, que é percibida como a orde natural das cousas. Esta forma de violencia

<sup>13</sup> MURILLO, Soledad: *Relaciones de poder entre hombres y mujeres. Los efectos del aprendizaje del rol en los conflictos y en la violencia de género*, Federación de Mujeres Progresistas/ Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Madrid, 2000 (p. 22).

<sup>14</sup> HAIMOVICH, Perla: «El concepto de los malos tratos. Ideología y representaciones», en: Virginia Maquieira y Cristina Sánchez y otras (comp.). *Violencia y sociedad patriarcal*, Madrid, Fundación Pablo Iglesias, 1990, (pp. 81-104); p. 95.

exécese, di Sheffield «como violación, como maltrato doméstico, como incesto, pornografía ou acoso». E conclúe, xa en 1992 do seguinte xeito:

«Eu denomínoo ‘terrorismo sexual’, porque é un sistema polo cal os homes atemorizan as mulleres e, ao atemorizalas, as controlan e as dominan<sup>15</sup>».

Interpretada e nomeada así, a violencia contra as mulleres non cabe analizala abstraída dun discurso sobre o poder social e sexual masculino, nin entendela fóra da comprensión da sexualidade feminina como produto e expresión dese mesmo poder. Se a esta análise lle engadimos a vontade de transformación de tal estado de cousas, resultará claro que nos estamos a referir aquí ao discurso feminista. Neste mesmo sentido, a teórica feminista Catherine MacKinnon entende que a teoría feminista se converte no proceso de analizar esa situación para enfrontarse a ela polo que é de poder cambiala. E engade Mackinnon que toda teoría feminista da sexualidade ha de basearse á súa vez nos datos da violencia sexual, para situalos dentro dunha teoría da desigualdade entre os sexos, que significa a xerarquía social dos homes sobre as mulleres.

Para facer feminista unha teoría, conclúe Mackinnon, non é suficiente que fose creada por unha muller, nin que describa a sexualidade feminina como forma distinta (aínda que igual) da sexualidade masculina, ou coma se a sexualidade das mulleres existise inelutablemente nalgún ámbito máis alá, debaixo, sobre, detrás dunha orde social desigual e, en todo caso, fundamentalmente intacta en inmóbil relación con aquel<sup>16</sup>. Pero pode que nos esteamos a preguntar agora: de que discurso se fala aquí ao falar dun discurso feminista sobre a violencia contra as mulleres?

Está claro que non só sería un sensentido senón que mesmo resultaría totalmente inadecuado pretender ditar aquí algo así como cal ha de ser o contido doutrinario de toda análise da violencia sexual que se queira reclamar feminista. Pero, dito isto, sí é posible non obstante partir do que se foi establecendo ata aquí, para propoñer elementos que se fan imprescindibles á hora de elaborar calquera posible discurso que queira dar voz feminista ás súas análises sobre violencia e sexualidade feminina. E, para iso, quero basearme de novo en MacKinnon e na formulación que ela propón para todo o discurso da sexualidade feminina, porque ao meu xuízo é posible retomar os requisitos analíticos que ofrece e aplicarlos ao caso da análise feminista da violencia sexual. Así, cabe establecer polo menos tres requisitos ou parámetros:

<sup>15</sup> SHEFFIELD, Carole J.: «Sexual Terrorism», en: Kourany, J. A.; Sterba, J. P.; Tong, R. (eds.), *Feminist Philosophies*, Prentice Hall, Upper Saddle River, New Jersey, 1992 (a) / 1999 (2a), (pp. 45-60), p. 46.

<sup>16</sup> MacKINNON, Catherine: *Hacia una teoría feminista del Estado*, Cátedra (Feminismos), Madrid 1995 (1989-1ª), p. 227.

En primeiro lugar, que se trate dunha perspectiva de análise que busque a transformación efectiva das condicións de submisión feminina, recoñecendo que estas aínda están presentes no noso mundo.

En segundo lugar, que inscriba a violencia sexual no contexto da desigualdade socio-sexual entre os sexos, que tamén segue pervivindo na actualidade.

E en terceiro lugar, que non veña a facer unha esencia da sexualidade feminina e algo natural da violencia contra as mulleres, coma se tales cousas existisen e fosen existir sempre á marxe desa mesma orde social desigualitaria.

Desde este triplo requisito facer discurso sobre a violencia sexual será facer discurso crítico, un discurso polo que a violencia contra as mulleres ha de ser entendida sempre como violencia estrutural. É dicir, que pode ser lida como acto sexual<sup>17</sup>, violento desde logo, pero que non é violencia sen máis. Ou, como o expresou María Teresa Gallego, trátase de comprender que «hai unha interrelación entre todas as violencias contra a muller». Por exemplo, os malos tratos son violencia do comportamento que exercen homes concretos, pero isto só é posible porque as pautas de organización socio-económica e política teñen vitimizado ás mulleres, forzónas historicamente a un estereotipo que significa moitas cousas, e isto é violencia estrutural<sup>18</sup>».

Sobre os discursos sobre esta violencia erotizada –como a denomina a norteamericana Carole Sheffield<sup>19</sup>– hai que dicir que algúns resultan inaceptables para unha reflexión feminista, aínda cando veñan subscritos por unha muller. E neste sentido quero poñer algúns exemplos aquí do que non resultaría aceptable desde unha crítica feminista, como a que se vén proponendo aquí, cando do que se trata é de abordar a violencia contra as mulleres. Voume cinguir ao contexto español: por exemplo, unha análise recente sobre a violencia sexual conclúe que o xeito de abordar tan lacerante conflito consiste en: «construír un simbólico feminino que circule no mundo a través de vías libres e propias, asentado no recoñecemento da diversidade feminina, revalorizando o corpo e revalorizando o coidado. Segundo a autora, isto pode servir para asentar un polo de referencia no mundo que axude a desactivar esa fascinación masculina pola violencia<sup>20</sup>».

<sup>17</sup> Argumenta Mackinnon neste sentido di o seguinte: «as mulleres son golpeadas e violadas como mulleres, como aquelas sobre as que se actúa, como obxectos xenéricos, é dicir, sexuais. Tamén se segue de aquí que os actos de quen ameaza á muller de acordo coa súa etiqueta de obxecto, muller, son nun sentido actos sexuais» MacKINNON: op. cit., p. 320.

<sup>18</sup> GALEGO, M<sup>a</sup> Teresa: «Violencia, política y feminismo. Una aproximación conceptual», en: Virginia Maquieira e Cristina Sánchez e outras (comp.), op. cit., (pp. 67-80); p. 74.

<sup>19</sup> SHEFFIELD, Carole J.: op. cit., p. 59.

<sup>20</sup> MAGALLÓN PORTOUNAS, Carmen: «Sostener la vida, producir la muerte: estereotipos de género y violencia», en: Vicenc Fisas (ed.), op. cit., (pp. 96-116); p. 115.

O problema da violencia sexual abórdase sen necesidade de apelar a medidas xurídicas ou sociais, sen ter que establecer consideración política de ningún tipo e, desde logo, sen partir de perspectiva reivindicativa de ningunha clase. Abondará, segundo se conclúe na cita, cunha transformación simbólica para desactivar o dispositivo da violencia masculina. Abondará con substituír a violencia, que ten fascinados aos infelices varóns, polos valores considerados propios do mundo feminino. E, deste modo, os homes unha vez liberados virán a asumir tan envexables valores, asignados ata agora ás súas liberadoras, facéndoo ademais sen resistencia ningunha, co que —é de supoñer que tamén fascinados— entregáranse a lavar, a fregar, a varrer, a facela compra, a preparar almorzos, comidas e ceas, a coser, a coidar da avoa ou do avó, dos fillos e, en fin, a outras tarefas que, como sabemos ben as mulleres, xiran arredor do marabilloso mundo do coidado dos outros.

Quero aclarar que, co dito, pretendo resaltar aquí a gravidade das afirmacións que se fan na cita que acabo de traer a colación, e que en modo ningún han de tomarse á lixeira. Pola contra, hai que dicir claramente que desde formulacións desta índole faise imposible unha análise feminista seria sobre a violencia contra as mulleres, ou sobre calquera outra temática parecida.

As teses de acudir a valores que se asignaron como esencia propia ás mulleres, para atopar neles a vía de pacificación entre os sexos, prenderon con forza especial entre algúns dos pensadores varóns que dedicaron as súas reflexións ó tema da violencia sexual. Vexamos, a xeito de mostra, un parágrafo recente sobre a violencia contra as mulleres, no que o autor (varón) vén a situar a solución para toda a violencia nun novo humanismo que pasa pola recuperación do feminino:

«A alternativa é a noción do feminismo como novo humanismo (...). Este novo humanismo terá que recuperar características relegadas ás mulleres, froito do medo do patriarcalismo autoritario e do sistema da guerra. Especialmente a capacidade humana de preocupación e coidado dos seres humanos por outros. Preocuparnos uns por outros, coidarnos uns a outros constitúe unha ameaza incuestionable da autoridade. De aí que se confinara ao ámbito privado e feminino<sup>21</sup>».

A propósito desta mesma cita sinalarei onde tropeza a miña discrepancia total coa mesma: afirmar que o coidado dos outros constitúe unha ameaza incuestionable da autoridade resulta unha afirmación xa de por sí máis que discutible. Pero engadir a

<sup>21</sup> MARTÍNEZ GUZMÁN, Víctor: «Género, paz y discurso», en Vicen? Fisas (ed.), (117-134); p. 122.

continuación que tales valores do coidado se confinaron ao ámbito privado e feminino precisamente pola súa carga supostamente revolucionaria é querer ignorar todas as análises que o pensamento crítico-feminista elaborou na súa historia acerca da desigualdade entre os sexos, nunha sociedade patriarcal como é esta na que aínda vivimos.

Un discurso coma este sobre os supostos valores femininos ten de remitirnos séculos atrás, a discursos clásicos da nosa cultura, que tamén se propoñían reforzar a normatividade feminina para situar as mulleres na súa posición de submisión. Quero remitirme aquí ao dito para o caso do filósofo Jean Jacques Rousseau xa ao inicio. Pretender, polo tanto, que a violencia contra as mulleres poida abordarse revalorizando estes valores de submisión, que as sociedades desigualitarias foron establecendo como valores específicos para as mulleres, resulta polo menos unha especie de burla a todo o movemento de reivindicación pola igualdade entre os sexos. Hai que engadir ademais que, desde logo, para esa viaxe non facían falta alforxas.

Quero traer a colación unha perspectiva máis elaborada e que aborda o complexo tema da violencia sexual tamén desde a súa vertente simbólica<sup>22</sup>. Deste recente traballo quero transcribir máis dun parágrafo, que poden servir para exemplificar como entende a autora ese tratamento do tema:

«A nai que arrisca a vida cada vez que regresa á casa dun cóctel nunha embaixada ou dunha cea de negocios, co seu marido conducindo ao tolo porque bebeu e está celoso ou nervioso, comparte algo grande coa muller que aguanta as malleiras dun marido violento mentres espera a que os seus fillos ou fillas se fagan maiores. Este algo é a sabedoría de que a relación (mesmo) con ese home é aínda necesaria para sacar adiante o proxecto de vida no que ela un día se embarcou».

Se pode sorprendernos, e mesmo nos sobresaltar, esta posta en escena a xeito de relato da violencia sexual vista desde a diferenza de ser muller, atendamos á seguinte consideración que a autora agrega a continuación:

«A min paréceme (engade agora) que esta é a grande dignidade dunha muller maltratada: o seu ofrecerse, seu ofrendarse, a manter viva a memoria da importancia do vínculo, do seu amor ao vínculo».

<sup>22</sup> RIVERA, María-Milagros: «Yo también soy una mujer maltratada», en: Rivera, M. M.: *Mujeres en relación. Feminismo 1970-2000*, Barcelona, Icaria 2001.



Ata aquí sospeitaríamos quizais que a autora proclama unha sorte de resignación estoica das mulleres ante a violencia sexual, en aras a preservar o seu ser nai como diferenza esencial e superior a calquera outra condición do seu ser feminino. Porque, segundo a autora, o que está en xogo –que haxa ou non vida humana nova, dinos– é algo grande. Pois ben, agora poderemos pasar da sospeita á certeza, ao atoparnos literalmente con este parágrafo:

«(...) podo restituír, ir restituíndo a voz da miña nai, á voz feminina, á miña voz, o que é, desde a súa orixe, dela. Unha parte desta voz está –eu penso– no enigma da muller que se resiste persistentemente a romper un vínculo mesmo cando arrisca a violencia e a morte<sup>23</sup>».

Non deixa de ser sorprendente que á autora lle resulte enigmático o feito de que unha muller agredida polo seu marido, compañeiro ou amante se resista a romper un vínculo mesmo cando arrisca á violencia e á morte. Porque desde o sentido común, sen máis, non hai aquí enigma que valia. E, desde logo, desde a teoría feminista o que hai son análises, antes que enigmas insondables, cando do que se trata é nada menos que de abordar a violencia sexual.

Nestes últimos textos que veño citando evidénciase que o problema da violencia de xénero se quere ler coma se fose un problema redutible á orde simbólica feminina, en tanto que orde rexida polo valor da maternidade. Pero o que en realidade se fai é algo ben distinto: é reducir esa violencia á orde privada de cada muller que, en tanto que nai antes que nada, ha de afrontar o maltrato coma se fose un problema propio, seu, persoal e, sobre todo, coma se pertencese ao ámbito da conciencia.

Pero, cando a solución á violencia sexista e de xénero se quere situar exclusivamente aí, acábase por esquecer por completo (sexa por mala fe, ou sexa por simple amnesia dos feitos) que estamos ante o que xa pode cualificarse dunha auténtica traxedia de xénero; e que esta traxedia afecta ademais a mulleres reais, non simbólicas, e ás súas (tamén moi reais) condicións materiais de vida. E con iso, ademais, o que se fai é volver confinar esta traxedia ao ámbito do privado; é dicir, vólvese presentar coma se fose pouco menos que un «asunto de mulleres».

Pois ben, entre as moitas mulleres que se ocuparon dese asunto, pero que o fixeron desde a teoría e a crítica feministas, quero recoller as palabras da feminista norteamericana Catherine MacKinnon, quen hai xa quince anos o formulaba como segue:

<sup>23</sup> RIVERA, María-Milagros: op. cit., p. 40.

«Por que unha persoa ‘permite’ a forza no privado (a pregunta de «por que non marcha?» que se fai ás mulleres maltratadas) é unha pregunta que se converte nun insulto polo significado social (que se quere dar) do privado como esfera de opción. Para as mulleres a medida da intimidade foi a medida da opresión. Esta é a razón de que o feminismo tivera que facer explotar o privado. Esta esta razón de que o feminismo vira o persoal como político<sup>24</sup>».

### Un problema con historia

O filósofo francés Lyotard, entre outros, defendeu que a cultura non é outra cousa que *o conxunto dos grandes relatos* nos que esta se contou a si mesma. Tomarei prestada esta expresión só para dicir que, cando nos achegamos a eses grandes relatos atopámoslos presididos en xeral –con escasas, aínda que honrosas excepcións– por unha grande unanimidade á hora de lexitimar o uso e abuso da violencia contra as mulleres.

Quero ir concluindo con algún exemplo do que digo: tomemos os casos do universalmente recoñecido defensor da igualdade ilustrada, Jean Jacques Rousseau, para contrastalo neste aspecto concreto co libertino Marqués de Sade (ambos os dous, como é sabido, pertencentes a dous momentos do século XVIII): así, poderemos comprender ata qué punto estes dous discursos coetáneos, que aparecen como diametralmente opostos nas súas perspectivas filosóficas, veñen a compoñer, non obstante, un mesmo relato, cando do que se trata é, por dicilo así, de meter as mulleres en cintura.

Rousseau declara no capítulo V do seu famoso título «Emilio ou a educación» que as fillas deben ser sempre submisas<sup>25</sup> declaración esta que representa á perfección o talante que presidiu a historia do pensamento sobre os sexos, ou, máis concretamente, o do discurso masculino sobre o feminino (sobre o segundo sexo, en terminoloxía de Simone de Beauvoir). E é tamén este o caso de pensadores que, como o propio Rousseau, constitúen sen dúbida un referente histórico na defensa da igualdade social.

No «Emilio» *Rousseau* parece entender que a submisión feminina conforma algo así como a clave da normatividade feminina, o estereotipo de relación para esa nova muller que vén a instituírse como paradigma da feminidade doméstica da emerxente

<sup>24</sup> MacKINNON, Catherine: op. cit., p. 340.

<sup>25</sup> ROUSSEAU, J. J.: *Emilio ou da educación*, capt. V, Barcelona-Bos Aires, ed. Bruguera, p. 516,

burguesía, decidida a acabar cos moldes de vida premodernos e estamentais do Antigo Réxime. Polo tanto, asistimos a un discurso rousseauniano no que esa suxección feminina forma parte dos propios valores e das formas de relación que a sociedade vai instituíndo como modelos de vida na modernidade ilustrada. E así atopamos un discurso que lexítima a imposición dese novo modelo ás mulleres, modelo que xa de por si resulta ser unha forma de violencia contra estas, pero que ademais se lles propón á forza e sen elección posible. Por todas as partes achamos no discurso de Rousseau a mesma norma pedagóxica, cando se ocupa de establecer como debe ser a educación das nenas:

«Xeralmente, as nenas son máis dóciles que os rapaces –dinos Rousseau (para engadir)–: e tamén debe facerse maior uso da autoridade con elas (...). Acostumade ás nenas a que se vexan interrompidas nos seus xogos e a que as chamen para outras ocupacións sen que murmuren (...) porque toda a vida han de ser escravas da máis continua e severa suxección (...). É preciso acostumalas á suxección canto antes (e como sexa), co fin de que nunca lles resulte violenta; hai que acostumalas a que resistan todos os seus caprichos, para sometelos ás vontades alleas<sup>26</sup>».

Pola súa banda, o Marqués de Sade, desde unha filosofía libertina que se presenta como radicalmente contraria á rosseauiana, vén a coincidir con esta en facer da violencia e a suxección femininas un referente normativo, se ben neste caso tal cousa é posta ao servizo dun discurso da transgresión. En Sade a violencia disfrazase de xogo sexual neutro, por canto tamén é exercida por personaxes femininas das súas obras; pero, o certo é que o discurso libertino do marqués tampouco deixa de entender o conxunto das mulleres reais como sexo susceptible de ser sometido. Vén á coincidir así coa versión rousseauniana, separándose explícita e conscientemente no resto das súas posicións filosóficas.

Tomemos *La filosofía en el tocador*<sup>27</sup> de Sade, onde se nos brinda un repertorio máis completo de como se conceptualiza aquí a violencia contra as mulleres. *La filosofía en el tocador* é unha breve peza teatral, composta en sete actos ou diálogos, que vén a configurar unha alegación frontal contra a maternidade e nela a figura da nai será precisamente a vítima propiciatoria da violencia. Por boca do súa personaxe libertina principal, Dolmancé, Sade fainos saber que esta muller foi «azoutada polo seu marido a máis non poder» e que o marido en cuestión «lle deixou as nádegas como un tafetá

<sup>26</sup> ROUSSEAU, J. J: op. cit, p. 515-517.

<sup>27</sup> Marqués de SADE: *La filosofía en el tocador*, Barcelona, Bruguera (2ª), 1984; pp. 256-7/260/253.

chinés». Esta personaxe feminina, a Sra. de Mistival, será vítima, non só da violencia conxugal, senón da violencia que exerce contra ela o círculo libertino en alianza fraterna co marido. E, ao finalizar a obra, exércese sobre ela a máis extrema e virulenta agresión, que consiste en coserlle o aparato vaxinal. Ao longo de toda a obra a violencia que se exerce sobre esta vítima feminina preséntase como algo lexitimado en nome da liberación sexual e da transgresión libertina, de forma que, como xa apuntei antes, tamén aquí a violencia contra as mulleres vén así a instituírse en norma. En *La filosofía en el tocador* lemos, por exemplo, que se vai facer con esta muller «a cousa máis natural do mundo: vouna depilar e magoarlle as coxas a forza de beliscos». E tamén aparecen a miúdo ese tipo de expresións que adoitan acompañar case sempre a agresión a unha muller, como, por exemplo, a de «¡Ai, putorra!», ou a de «estrangularíate». E mesmo lemos como o personaxe libertino central afirma que non hai nada tan lúbrico como unha muller esvaecida (a golpes, enténdese).

Non vou seguir aquí coa reconstrución arqueolóxica deses discursos máis ou menos clásicos da nosa cultura que, sen dúbida, foron omnipresentes ou que, en expresión do filósofo Lyotard, conformaron eses grandes relatos da cultura. Porque ata aquí a miña intención non foi máis que a de apuntar como a violencia contra as mulleres entra como referente normativo xa no discurso da modernidade, tanto no que se presenta como constituínte da propia norma –como é o caso de Rousseau–, como no que se quere de transgresor desta –como é o caso de Sade–. E, con iso, só se trata de ilustrar, para concluír, en dous recoñecidos discursos da modernidade –da que, por certo, somos herdeiros– o que pode facerse extensivo a outros momentos e a outros discursos do devir histórico.

## Bibliografía

- Amorós, Celia (1990). «Violencia contra las mujeres y pactos patriarcales», en: Virginia Maquiera y Cristina Sánchez (comp.), *Violencia y sociedad patriarcal*, Fundación Pablo Iglesias, Madrid.
- Cobo, Rosa (1995). *Fundamentos del patriarcado moderno*. Jean Jacques Rousseau, Cátedra (Feminismos), Madrid.
- Fernández Villanueva, Concepción (1990). «EL concepto de agresión en una sociedad sexista», en: Virginia Maquiera y Cristina Sánchez y otras (comp.), *Violencia y sociedad patriarcal*, Fundación Pablo Iglesias, Madrid.

- Firestone, Shulamith (1973). *La dialéctica del sexo*, Kairós, Barcelona.
- Gallego, M<sup>a</sup> Teresa. «Violencia, política y feminismo. Una aproximación conceptual», en: Virginia Maquiera y Cristina Sánchez y otras (comp.), *Violencia y sociedad patriarcal*, Fundación Pablo Iglesias, Madrid.
- Gil Ruíz, Juana M<sup>a</sup> (1997). «La violencia jurídica en lo privado: un análisis desde la teoría crítica», en: *Direitos y Deveres*, Revista do Centro de Ciencias Jurídicas da Universidade Federal de Alagoas, Año I, nº 2.
- Haimovich, Perla (1990). «El concepto de los malos tratos. Ideología y representaciones», en: Virginia Maquiera y Cristina Sánchez y otras (comp.), *2 Violencia y sociedad patriarcal*, Fundación Pablo Iglesias, Madrid.
- Izquierdo, María Jesús (1998). «Los órdenes de la violencia: especie, sexo y género», en: Vicenç Fisas (ed.), *El sexo de la violencia*, Icaria, Barcelona.
- Jonásdottier, Anna G. (1993). *El poder del amor ¿Le importa el sexo a la Democracia?*, Cátedra (Feminismos), Madrid.
- Larrauri, Elena (1994). «Control formal:...y el derecho penal de las mujeres», en: Elena Larrauri (comp.), *Mujeres, derecho penal y criminología*, Siglo XXI, Madrid, 1994, (93-108).
- Librería de Mujeres de Milán (1991). *No creas tener derechos, horas y HORAS*, Madrid, (1987-1<sup>a</sup>).
- MacKINNON, Catherine (1995). *Hacia una teoría feminista del Estado*, Cátedra (Feminismos), Madrid (1989-1<sup>a</sup>).
- Mackinnon, Catherine. «Feminism, Marxism, Method and State: Toward Feminist Jurisprudence», en *Signs*, vol. 8, n. 4.
- Magallón Pórtolas, Carmen (1998). «Sostener la vida, producir la muerte: estereotipos de género y violencia», en: Vicenç Fisas (ed.), *El sexo de la violencia*, Icaria, Barcelona.
- Martínez Guzmán, Víctor (1998). «Género, paz y discurso», en Vicenç Fisas (ed.), *El sexo de la violencia*, Icaria, Barcelona.

- Murillo, Soledad. *Relaciones de poder entre hombres y mujeres. Los efectos del aprendizaje del rol en los conflictos y en la violencia de género*, Federación de Mujeres Progresistas/ Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Madrid, 2000.
- Pateman, Carole (1995). *El contrato sexual*, Anthropos, Barcelona, (1988-1ª).
- Pérez del Campo, Ana Mª (1995). *Una cuestión incomprendida: el maltrato a la mujer*, horas y Horas, Madrid.
- Pernas, Begoña (2000). «Las raíces del acoso sexual: las relaciones de poder y sumisión en el trabajo», en: Raquel Osborne (ed.): *La violencia contra las mujeres. Realidad social y políticas públicas*, UNED, Madrid.
- Posada, Luisa. «Las hijas deben siempre sumisas» (Rousseau). Discurso patriarcal y violencia contra las mujeres: reflexiones desde la teoría feminista, en: Asun Bernárdez (ed.): *Violencia de género y sociedad: una cuestión de poder*, Instituto de Investigaciones Feministas de la UCM/ Ayuntamiento de Madrid, Área de Promoción de la Igualdad y Empleo, Madrid 2001.
- Puleo, Alicia H. (1992). *Dialéctica de la sexualidad*, Cátedra (Feminismos), Madrid.
- Rivera, María-Milagros (2001). «Yo también soy una mujer maltratada», en: Rivera, M.M., *Mujeres en relación, Feminismo 1970-2000*, Icaria, Barcelona.
- Rodríguez Magda, Rosa Mª (1999). *Foucault y la genealogía de los sexos*, Anthropos Editorial, Barcelona.
- Rousseau, Jean-Jacques (1979). *Emilio o de la educación*, Bruguera-edición especial, Barcelona-Buenos Aires.
- Sade, Marqués de (1984-2ª). *La filosofía en el tocador*, Bruguera, Barcelona.
- Sheffield, Carole J. (1999-2ª). «Sexual Terrorism», en: Kourany, J. A.; Sterba, J.P.; Tong, R. (eds.) (1992- 1ª), *Feminist Philosophies*, Prentice Hall, Upper Saddle River, New Jersey.
- Valcárcel, Amelia (1991). *Sexo y Filosofía. Sobre «Mujer» y «Poder»*, Anthropos, Barcelona.